

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Escenificación
DISCIPLINA	Escenificación II
TITULACIÓN	Título Superior de Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e Dramaturxia
CURSO	2º
CRÉDITOS ECTS	8
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Carmen Labela Rivas
DOCENTE	Nome e apelidos: Carmen Labela Despacho: Departamento de Dirección escénica e dramaturxia. Contacto: carmenlabela@edu.xunta.es
DESCRIPCIÓN	Proxección do traballo dramático na posta en escena. Elementos de creación escénica. Principios estéticos, éticos e humanísticos de diversos métodos e escolas de escenificación: tradicións, tendencias e creadores. Metodoloxías e técnicas da dirección escénica.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter asimilado satisfactoriamente os contidos das materias: Escenificación I e Composición escénica.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías. Igualmente, coñecendo linguas estranxeiras cun nivel que permita desempeñar o exercicio da profesión en ámbitos internacionais.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía pertinente.

ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.	
ED6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Valorar o traballo de posta en escena como un proceso metodolóxico estruturado en función dunha concepción concreta de escenificación.	T3, T14, X4, ED3, T14	
2. Percepción contextual da posta en escena e da súa función estética e social.	T1, T14, X1, X5, ED6	
3. Establecer, saber redactar e comunicar, verbal e escenicamente, unha idea dramaturxica.	T3, T6, T7, X4, ED2	
4. Entender o traballo de investigación como instrumento de creación dos diferentes sistemas de significación escénica.	T1, T14, X5, ED2, ED2, ED5	
5. Interpretar e analizar creacións (montaxes, películas, textos e escenificacións) desde o punto de vista da dirección escénica empregando variedade de técnicas e métodos.	T1, T6, T7, T14, X1, X5, ED2, ED6, T14	
6. Confrontar diferentes lecturas dun mesmo texto a través do visionado de fragmentos de montaxes ou prácticas escénicas.	T1, T3, T7, X1, X4, ED5, ED6, T14	
7. Coñecer as metodoloxías de creación escénica dos directores de escena máis relevantes establecendo trazos estéticos e estilísticos comúns nas súas montaxes.		
8. Elaborar unha técnica propia que permita abordar o traballo de posta en escena dunha maneira sistematizada.	T3, T6, T14, X1, X5, X7, ED5	
9. Desenvolvemento da creatividade persoal e posicionamento artístico ante a sociedade.	T3, T6, T7, X1, X7, ED2, ED3	
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Sistemas de escenificación teatral e narrativa escénica.		3
2. Materialización e conceptualismo das artes.	2.1. A xénese do concepto de posta en escena na súa vertente naturalista. 2.2. A xénese do concepto de posta en escena na súa vertente simbolista.	6
3. Naturalismo europeo e Teatros Libres.	3.1. André Antoine. 3.2. Otto Brahm. 3.3. Jacob Grein.	9
4. Primeiras alternativas ao naturalismo	4.1. O simbolismo de Paul Fort e Lugné-Poe. 4.2. O antinaturalismo de Gordon Graig.	9
5. O Sistema das accións físicas de Stanislavski.		6
6. A biomecánica de Meyerhold.		6
7. O extrañamento de Brecht.		9
8. O teatro da crueldade de Artaud.		3
9. Grotowski e o teatro pobre.		3
10. Kantor e o teatro da morte.		3
12. Outros grandes directores en activo.	12.1. Brook e o espazo baleiro. 12.1. Robert Wilson e o minimalismo escénico. 12.1. Anne Bogart e os puntos de vista escénicos. 12.1. Declan Donnellan e a diana do actor. 12.1. Robert Lepage e os novos medios na escena. 12.1. Simon McBurney e <i>Complicite</i> .	24
TOTAL SESIÓNS		90h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3	0	3
Exposición maxistral	26	9	35
Exposición práctico-teórica	22	10	32
Práctica individual	8	30	38
Práctica colectiva	6	10	16
Titorías individuais	14	10	24
Titorías de grupo	4	3	7
Actividades de avaliación. Probas	6	30	36
Actividades de avaliación. Presentacións	16	30	46
Actividades de avaliación. Revisión	3	0	3
TOTAL	108 horas	132 horas	240 horas
PORCENTAXE	45%	55%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
1. Exposicións teóricas	Exposición docente. Implica a programación de actividades a partir da exposición teórica.
2. Visionado de vídeos	A partir dos textos, memorias, libros de dirección, notas de postas en escena, e vídeos de escenificacións dos máis representativos directores do século XX: identificar, analizar e comparar a súa metodoloxía de dirección de escena.
3. Lectura de textos	
4. Estudos comparativos	Realización de análises críticas e comparativos entre: - textos teóricos que desenvolvan unha preceptiva teatral e a súa práctica escénica recolleita en documentos gráficos e audiovisuales. - varias postas en escena ou películas sobre un mesmo texto dramático, extraendo as solucións escénicas realizadas.
5. Proxectos de traballo	Implica actividades de procura, actividades de xestión da información e actividades de comunicación na súa posta en común e defensa.
6. Prácticas escénicas	Quedando supeditada a análise teórica aos elementos desenvolvidos desde a acción.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo una análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo mais axeitado.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquietudes que xurdan en cada caso.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN
8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito	T3,T7,X1,X4,X5,ED3,ED6	25%
Exposición sobre o traballo	T1,T3,T7,T14,X1,X4,ED5,ED6	15%
Proba. Exercicios orais e escritos	T1,T3,T7,T14,X1,X4,X5,ED5,ED6	35%
Prácticas escénicas	T3,T6,T7,T14,X5,X7,ED2,ED3,ED6	25%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral	T1,T3,T7,X1,X4,ED5,ED6	35%
Proba escrita	T1,T7,T14,X1,ED5,ED6	35%
Prácticas escénicas	T3,T6,T7,T14,X5,X7,ED2,ED3,ED6	30%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral	T1,T3,T7,X1,X4,ED5,ED6	35%
Proba escrita	T1,T7,T14,X1,ED5,ED6	35%
Prácticas escénicas	T3,T6,T7,T14,X5,X7,ED2,ED3,ED6	30%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- BRAUN, Edward. El director y la escena (del naturalismo a Grotowski). Buenos Aires, Galerna, 1986.
- IRVIN, Polly (Ed.). Directores. Barcelona: Editorial Océano, 2003.
- PAVIS, Patrice (2000): El análisis de los espectáculos. Barcelona, Paidós.
- SÁNCHEZ (ed), José Antonio (1999): Dramaturgias de la imagen. Cuenca, Ed. Univ. Castilla-La Mancha.

Referencias complementarias

- BARBA, E. (1988): Anatomía del actor: diccionario de antropología teatral. Madrid, Ed. Gaceta.
- BOGART, A. (2007): Los puntos de vista escénicos. Madrid, Publicaciones de la ADE.
- BOGART, A. (2008): La preparación del director. Barcelona, Alba Editorial, 2008.
- BRECHT, B. (2004): Escritos sobre teatro, Barcelona, Alba.
- BROOK, P. (1986): El espacio vacío. Barcelona, Nexos.
- CARLSON, Marvin (2005): Performance, unha introdución crítica. Vigo, IGAEM, Editorial Galaxia.
- DONELLAN, D. (2004): El actor y la diana. Madrid: RESAD y Editorial Fundamentos.
- FOUQUET, L. (2005). Robert Lepage, l'horizon en images. Québec, L'Instant Môme.
- GROTOWSKI, J. (1992): Hacia un teatro pobre, México, Siglo XXI.
- KNÉBEL, M. (1999): El último Stanislavski, Madrid, Fundamentos.
- MEYERHOLD, V. (1992): Textos teóricos, Madrid, Publicaciones de la ADE.
- MCBURNEY, S. (2008): Complicite. A disappearing number. United Kingdom, Ltd de Oberon.
- TADEUSZ, K. (2010): El teatro, la muerte y otros ensayos. Barcelona, Alba.
- VALIENTE, P. (2005): Robert Wilson. Arte Escénico Planetario. Madrid, Ñaque.

10. OBSERVACIONS / RECOMENDACIONS

1. Nas exposicións e traballos escritos terase en conta a asimilación do coñecemento, a adecuación da linguaxe, a capacidade investigadora e de análise e a expresión de puntos de vista persoais.
2. Nas prácticas escénicas valorarase positivamente o resultado artístico e a súa evolución, o uso dos coñecementos adquiridos e a correspondencia entre fundamento e práctica.
3. Para obter unha cualificación global positiva, deberánse aprobar (5 ou máis) todas e cada unha das actividades de avaliación recollidas neste programa. No caso de que un/a estudante suspenda unha ou máis actividades e a media da nota fose superior a 5, a disciplina considérase suspensa e a cualificación que figurará na acta será de 4,9.
4. A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta disciplina supoñerá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.
5. A asistencia a titorías será pactada previamente entre estudante e docente, de forma persoal ou a través de email, co fin de acordar: tema, medio e día e hora do encontro.
6. É imprescindible que o alumnado da convocatoria extraordinaria contacte previamente á preparación da avaliación coa docente para a asignación ou pacto do texto para o proxecto escénico e información dos exercicios concretos a realizar.
7. O alumnado que se presente ás convocatorias ordinaria ou extraordinaria terá que contactar previamente coa profesora co fin de organizar próbalas pertinentes.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación sufrirá as modificacións derivadas da necesidade de articular unha avaliación

non presencial.

A avaliación excepcional desta disciplina será moi parecida á súa avaliación ordinaria (apartado 8.1 deste programa) **coa particularidade de que todas as prácticas de escenificación serán propostas escénicas gravadas, exercicios sonoros e audiovisuais e/ou curtametraxes.** A supervisión docente das actividades será mediante os mecanismos de comunicación a distancia oportunos.

Avaliación excepcional

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito	T3,T7,X1,X4,X5,ED3,ED6	30%
Defensa oral do traballo	T1,T3,T7,T14,X1,X4,ED5,ED6	15%
Exercicios orais e escritos	T1,T3,T7,T14,X1,X4,X5,ED5,ED6	30%
Prácticas de escenificación gravadas	T3,T6,T7,T14,X5,X7,ED2,ED3,ED6	25%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, a profesora combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).